

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 13 DE MAIO DE 2024

Ás 10:45 horas do día 13 de maio de 2024, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 8 de maio de 2024, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: Fernando González Abeijón, representante do PP
Margarita Parajó Calvo, titular da Asesoría Xurídica
Olga Gómez Corbal, suplente do interventor xeral
Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos
Xacobe Paz Salgado, suplente do vogal xefe de Área de Investimentos
Beatriz Barbará Rodríguez, xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos (asiste aos puntos 2a e 3a)
José Angel Otero Lamas, xefe da Área de Investimentos (asiste aos puntos 5a e 6a)
Antonio Villanueva Guimeráns, xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste aos puntos 8a, 9a e 10a)
María José Loureiro Bada, xefa do Servizo de Educación (asiste aos puntos 9b, 10b, 11a e 11b)

Secretaria: María Dolores Sotelo Gallego

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos (procedementos abertos)

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica soporte dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en Festas" (10068-335) (emenda)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta



Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 7 de maio de 2024, na mesma data, concedeuse un prazo de tres días a VIVE NIGRÁN, S.L. para que emendasen a documentación persoal. En concreto debería presentar novos DEUC de REVENIDAS, S.C., SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. e SOLUCIONES ESCENICAS, S.L. (SOUNDHOUSE) emendando a información sinalada na acta da Mesa do 7 de maio.

A licitadora presentou documentación en prazo polo que (logo da cualificación da referida documentación), a Mesa acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, admitir neste procedemento a VIVE NIGRÁN, S.L. por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

3. Apertura das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor (procedementos abertos)

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica soporte dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en Festas" (10068-335)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliábel mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos/as membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da rúa Foxos, entre as rúas Travesía dos Foxos 1 e Sanjurjo Badía" (1754-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación entrégase o informe asinado polo técnico medio en Topografía e a técnica medida de Obras Públicas o 8 de maio de 2024 de valoración do sobre B "proposición avaliábel mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos/as membros presentes.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura das proposicións avaliábeis mediante fórmula (procedementos abertos e abertos simplificados), e se procede, proposta de clasificación ou clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da rúa Foxos, entre as rúas Travesía dos Foxos 1 e Sanjurjo Badía" (1754-441)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:48	Páxina 2 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AA5B-A6EFCE-E6E737-ZA54AH-2TDMHF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo sen IVE
1	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	59.068,67 €
2	Cotoverde Obras y Servicios S.L.	51.400,00 €
3	SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO,SL	54.922,05 €

Asiste como público á apertura:

1. Begoña Rivas Baltar, en representación da FEDERACIÓN GALLEGA DE LA CONSTRUCCIÓN

A Mesa, por unanimidade dos/as membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas anormalmente baixas

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro, instalación e configuración da electrónica de rede municipal incluíndo sistemas de comunicacións do cpd municipal, electrónica de rede de planta así como a electrónica de rede das sedes remotas (10202-113)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra que o 3 de maio de 2024, en cumprimento do acordado na sesión da mesma data, iniciouse o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con SERVICIOS AVANZADOS DE TECNOLOGÍA, S.A. (SATEC). Durante o prazo concedido, a devandita licitadora presentou documentación, en prazo, da que se deu traslado ao responsable do contrato.

O 8 de maio de 2024 o técnico responsable de Seguridade Informática e o xefe do Servizo de Administración Electrónica emitiron informe sobre a xustificación presentada no que indican que "Unha vez analizada a documentación, respecto aos valores anormais da oferta presentada polo licitador SERVICIOS AVANZADOS DE TECNOLOGÍA, S.A. (SATEC), conclúese que a xustificación do prezo é suficiente e esta xustificación e conforme ao orzamento detallado."

A Mesa, por maioría dos/as membros presentes coa abstención de Fernando González Abeijón, acepta o anterior informe e acorda propoñer ao órgano de contratación aceptar a xustificación da baixa con valores anormais ou desproporcionados presentada por SERVICIOS AVANZADOS DE TECNOLOGÍA, S.A. (SATEC) neste procedemento.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro, instalación e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:48	Páxina 3 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AA5B-A6EFCE-E6E737-ZA54AH-2TDMHF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



configuración da electrónica de rede municipal incluíndo sistemas de comunicacións do cpd municipal, electrónica de rede de planta así como a electrónica de rede das sedes remotas (10202-113)

Entrégase o informe asinado polo técnico responsable de Seguridade Informática e o xefe do Servizo de Administración Electrónica o 8 de maio de 2024 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos/as membros presentes.

b) Procedemento aberto do servizo de xestión das Escolas Infantís Municipais de Tomás Alonso e Bouzas (62777-332)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación entréganse os informes dos lotes 1 e 2, asinados pola xefa do Servizo de Educación o 3 de maio de 2024, de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que son aceptados por unanimidade dos/as membros presentes.

c) Procedemento aberto do servizo de mantemento dos edificios dos Centros Municipais de Distrito dependentes da Unidade de Participación Cidadá do Concello de Vigo (11206-320)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación entrégase o informe asinado polo arquitecto técnico aparellador o 8 de maio de 2024 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos/as membros presentes.

10.- Propostas de clasificación (procedementos abertos) ou clasificación (procedementos abertos simplificados)

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro, instalación e configuración da electrónica de rede municipal incluíndo sistemas de comunicacións do cpd municipal, electrónica de rede de planta así como a electrónica de rede das sedes remotas (10202-113)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos/as membros presentes, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 25 de abril de 2024, dos licitadores que deseguido se relacionan por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A.1 do Anexo I –FEC- do PCAP:

1. ASAC COMUNICACIONES, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:48	Páxina 4 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AA5B-A6EFCE-E6E737-ZA54AH-2TDMHF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



2. GLOBAL DOMINION ACCESS, S.A.

Segundo.- Aceptar a proposta formulada pola Mesa de Contratación na presente sesión, de data 13 de maio de 2024, de xustificación da baixa con valores anormais ou desproporcionados presentada por SERVICIOS AVANZADOS DE TECNOLOGÍA, S.A. (SATEC) neste procedemento.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro, instalación e configuración da electrónica de rede municipal incluíndo sistemas de comunicacións do cpd municipal, electrónica de rede de planta así como a electrónica de rede das sedes remotas (10202-113) na seguinte orde descendente:

	LICITADOR	PUNTOS TOTAIS
1	EDNON, S.L.	88.15
2	SERVICIOS AVANZADOS DE TECNOLOGÍA, S.A. (SATEC)	85.00
3	TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA S.A.U.	32.00

Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EDNON, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscrición dos medios persoais esixidos no apartado 5E do Anexo I -FEC- do PCAP.
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo."

b) Procedemento aberto do servizo de xestión das Escolas Infantís Municipais de Tomás Alonso e Bouzas (62777-332)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por maioría dos/as membros presentes coa abstención de Fernando González Abeijón, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 3 de maio de 2024, de MEGADIVER SOCIEDUCATIVA, S.L. por non



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:48	Páxina 5 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AA5B-A6EFCE-E6E737-ZA54AH-2TDMHF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A.1 do Anexo I -FEC- do PCAP.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto do servizo de xestión das Escolas Infantís Municipais de Tomás Alonso e Bouzas (62777-332) na seguinte orde descendente:

- Lote 1

	EMPRESAS	TOTAL
1	KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS S.L.	95.00
2	AURORA, PILAR Y ANA S.L.	85.03
3	COLEGIO LOS MILAGROS S.L.	77.79

- Lote 2

	EMPRESAS	TOTAL
1	KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS S.L.	88.66
2	AURORA, PILAR Y ANA S.L.	86.50
3	COLEGIO LOS MILAGROS S.L.	85.01

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS S.L. (Lotes 1 e 2), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo."

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento dos edificios dos Centros Municipais de Distrito dependentes da Unidade de Participación Cidadá do Concello de Vigo (11206-320)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos/as membros presentes, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:48	Páxina 6 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AA5B-A6EFCE-E6E737-ZA54AH-2TDMHF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento dos edificios dos Centros Municipais de Distrito dependentes da Unidade de Participación Cidadá do Concello de Vigo (11206-320) na seguinte orde descendente:

	EMPRESA	TOTAL PUNTOS
1	CLECE FS, S.L.	96
2	CÍES OBRA, S.L.	64,15

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, CLECE FS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo.”

11. Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos da xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo “Vigo en Inglés 2024-2025” (62810-332)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación, lembra aos/ás membros da Mesa de Contratación que na sesión de data 7 de maio de 2024, comprobada a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, concedeuse un prazo de 3 días a NEW LINK EDUCATION, S.L. para que puidera emendar a documentación presentada. En concreto debía emendar a acreditación dos medios persoais.

Dentro do prazo concedido a licitadora presentou a documentación requirida.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:48	Páxina 7 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AA5B-A6EFCE-E6E737-ZA54AH-2TDMHF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS**

**ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO
DE VIGO**



Tendo en conta o anterior, consta presentada, no expediente, a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira, da solvencia técnica e profesional, dos medios persoais e materiais e das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, así como, o resguardo das garantías definitiva (e complementaria) e o/s anexo/s IV e V do PCAP e compromiso da empresa coa que integra a súa solvencia de que pon os seus medios a disposición do adxudicatario (cando proceda). Asemade, figuran no expediente os certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias (coa AEAT, Concello de Vigo e ATRIGA) e coa Seguridade Social.

En vista do anterior, a Mesa de Contratación comproba a documentación anterior, enumerada e explicada polo miúdo pola secretaria na sesión e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento, como segue:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos da xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo "Vigo en Inglés 2024-2025" (62810-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 16 de febreiro de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

"1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en período lectivo "Vigo en Inglés 2024-2025".

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 07/02/2024 redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares por procedemento aberto de data 08/02/2024 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en período lectivo "Vigo en Inglés 2024-2025" por procedemento aberto.

3º.- O importe máximo do contrato plurianual é de 5.999.550,00 euros, exento de IVE, para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:48	Páxina 8 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AA5B-A6EFCE-E6E737-ZA54AH-2TDMHF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



School en período lectivo "Vigo en Inglés 2024-2025", con cargo á aplicación orzamentaria 3260.227.9917 "Programa Educativo Aulas Internacionais", e subordínase a autorización do gasto á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos, asumindo o compromiso da súa inclusión nos exercicios futuros, conforme ao artigo 174 do TRLFL, do xeito seguinte:

- 2.999.775,00 euros correspondentes ao ano 2024,
- 2.999.775,00 euros correspondentes ao ano 2025.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 17 de abril de 2024 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos da xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo "Vigo en Inglés 2024-2025" (62810-332) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	NEW LINK EDUCATION, S.L.	100,00

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, NEW LINK EDUCATION, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscrición dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC-.*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP "Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente.""

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, NEW LINK EDUCATION, S.L., o día 18 de abril de 2024, que presenta a documentación requirida o 6 de maio de 2024, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na súa sesión de data 7 de maio de 2024 acorda conceder un prazo de tres días a NEW LINK EDUCATION, S.L. para que puidera emendar a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:48	Páxina 9 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AA5B-A6EFCE-E6E737-ZA54AH-2TDMHF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



acreditacións dos medios persoais.

Durante o prazo concedido, a licitadora presenta a documentación requirida o 10 de maio de 2024.

Tendo en conta o anterior, a documentación presentada e que consta no expediente é a seguinte:

- As escrituras de constituicións da licitadora e de cambio de denominación e os estatutos xunto co apoderamento do representante.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (2.099.842,50 €), presentan as contas do ano 2022 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (2.099.842,50 €), presentan certificado de boa execución do ano 2022 no que o importe total supera esta cantidade.
- Acreditación dos medios persoais e materiais a adscribir á execución do contrato esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP
- Aval por un importe de 299.977,50 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 13 de maio de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar NEW LINK EDUCATION, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:48	Páxina 10 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AA5B-A6EFCE-E6E737-ZA54AH-2TDMHF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por NEW LINK EDUCATION, S.L., de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor, de 12 de abril de 2024, e o acordo da Mesa de Contratación, de data 17 de abril de 2024, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 15.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a NEW LINK EDUCATION, S.L. o procedemento aberto para a contratación dos servizos da xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo "Vigo en Inglés 2024-2025" (62810-332) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 5.999.550,00 euros, IVE exento.*
- b) *A achega de 8 monitores/as de reforzo a maiores dos número mínimo esixido como medios persoais (47).*
- c) *A achega das seguintes melloras dos requisitos mínimos esixidos para o curso específico de mellora e perfeccionamento lingua inglesa:*
 - *Incremento de 10 horas de duración do curso específico de mellora e perfeccionamento lingua inglesa a desenvolver a maiores das previstas no punto 4.3.2 do PPT (10 horas).*
 - *Redución de 5 alumnos da ratio alumno/profesor máxima requirida no citado curso específico a desenvolver respecto da ratio máxima requirida no punto 4.3.2 do PPT (15 alumnos).*
- d) *A achega de 40 monitores/as con nivel de competencia lingüística C1 o C2.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento, conservación e vixilancia dos colexios e escolas públicas do Concello de Vigo (62788-332)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:48	Páxina 11 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AA5B-A6EFCE-E6E737-ZA54AH-2TDMHF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación, lembra aos/ás membros da Mesa de Contratación que a resolución de clasificación, co requirimento da documentación do artigo 150 da LCSP, foi notificada a U.T.E. SAMYL FACILITY SERVICES, S.L - INTEGRACIÓN DE ACTIVIDADES MEDIOAMBIENTALES, S.L. o 19 de abril de 2024. Este presenta a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira, da solvencia técnica e profesional e das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, así como, o resguardo da garantía definitiva e os anexos IV e V do PCAP. Asemade, figuran no expediente os certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias (coa AEAT, Concello de Vigo e ATRIGA) e coa Seguridade Social.

En vista do anterior, a Mesa de Contratación comproba a documentación anterior, enumerada e explicada polo miúdo pola secretaria na sesión e, sendo esta correcta, acorda, por maioría dos/as membros presentes coa abstención de Fernando González Abeijón, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento, como segue:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento, conservación e vixilancia dos colexios e escolas públicas do Concello de Vigo (62788-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 24 de novembro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos de mantemento, conservación e vixilancia dos Colexios e Escolas Públicas do Concello de Vigo.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 23/10/2023, redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 22/11/2023 redactado pola Área de Contratación e Novos Proxectos, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos de mantemento, conservación e vixilancia dos Colexios e Escolas Públicas do Concello de Vigo.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 1.923.739,60 euros (1.589.867,44 € máis



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:48	Páxina 12 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AA5B-A6EFCE-E6E737-ZA54AH-2TDMHF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



333.872,16 € de IVE a soportar pola administración) para a contratación dos servizos de mantemento, conservación e vixilancia dos Colexios e Escolas Públicas do Concello de Vigo por procedemento aberto, con cargo á aplicación orzamentaria 3230.227.9917 "Apertura e peche de Colexios Primaria", que se desglosará nas seguintes anualidades:

- Anualidade 2024: 948.000,16 euros;
- Anualidade 2025: 975.739,44 euros.

O valor estimado do contrato estipúlase en 4.327.029,61 euros.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 17 de abril de 2024 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento, conservación e vixilancia dos colexios e escolas públicas do Concello de Vigo (62788-332) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	U.T.E. SAMYL FACILITY SERVICES, S.L - INTEGRACIÓN DE ACTIVIDADES MEDIOAMBIENTALES, S.L.	100.00
2	U.T.E. INTEGRA MANTEMENTO XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO GALICIA, S.L. - AVIO SOLUCIONES INTEGRADAS, S.A.U.	85.88
3	ONET IBERIA SOLUCIONES, S.A.U.	73.44
4	OHL SERVICIOS INGESAN, S.A.	38.96

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, U.T.E. SAMYL FACILITY SERVICES, S.L - INTEGRACIÓN DE ACTIVIDADES MEDIOAMBIENTALES, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo."



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:48	Páxina 13 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AA5B-A6EFCE-E6E737-ZA54AH-2TDMHF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, U.T.E. SAMYL FACILITY SERVICES, S.L – INTEGRACIÓN DE ACTIVIDADES MEDIOAMBIENTALES, S.L., o día 19 de abril, que presenta parte da documentación requirida o 6 de maio de 2024, dentro do prazo concedido e, outra parte, o 9 e 10 de maio, fora de prazo. En relación a esta documentación, en base ao criterio sostido polos tribunais de recursos contractuais que defende a posibilidade de emenda da documentación (entre outras, Resolución nº 806/2019, do 11 de xullo, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais), procede admitila.

Esta documentación consta de:

- Os certificados de inscrición dos licitadores que conforman a UTE no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (ROLECE) nos que figuran os datos de constitución de ambas mercantís, así como o representantes apoderados de ambas e as respectivas declaracións de non estar incursas en prohibición de contratar. Xunto cos certificados do ROLECE, ambas mercantís presentan declaracións de vixencia dos datos que alí figuran.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (673.308,86 €), presentan as contas de ambas mercantís do ano 2022 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (673.308,86 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2022 supera esta cantidade.
- Seguro de caución por un importe de 64.166,84 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente os correspondentes documentos da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 13 de maio de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por maioría dos/as membros presentes coa abstención de Fernando González Abeijón, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:48	Páxina 14 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AA5B-A6EFCE-E6E737-ZA54AH-2TDMHF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar U.T.E. SAMYL FACILITY SERVICES, S.L – INTEGRACIÓN DE ACTIVIDADES MEDIOAMBIENTALES, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por U.T.E. SAMYL FACILITY SERVICES, S.L – INTEGRACIÓN DE ACTIVIDADES MEDIOAMBIENTALES, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 3 de abril e 9 de maio de 2024, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a U.T.E. SAMYL FACILITY SERVICES, S.L – INTEGRACIÓN DE ACTIVIDADES MEDIOAMBIENTALES, S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento, conservación e vixilancia dos colexios e escolas públicas do Concello de Vigo (62788-332) por un prezo total do contrato de 1.552.837,61 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 269.500,74 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:25 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/06/2024 21:48	Páxina 15 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AA5B-A6EFCE-E6E737-ZA54AH-2TDMHF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		